



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA 6 DE XUÑO DO 2011.-

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día seis de xuño do dous mil once; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Don José Ignacio Gómez Pérez e Don Anxo Collarte Pérez. Non asiste Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 30 de maio do dous mil once (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.-

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIDADÁNS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:

1. Solicitud de Dona Josefa Alonso Rodriguez con data RE 4 de maio de 2011 N° RE 2239, relativo a colocación de lápida conmemorativa.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos asistentes conceder o cambio da lápida conmemorativa a Dona Josefa Alonso Rodriguez como titular do recibo pola taxa do uso do cemiterio, sen que en ningun caso o pago do mesmo implique ningun tipo de dereito de propiedade a favor do mesmo.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento dos seguintes:



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

1. Escrito do Valedor do Pobo con data RE 1 de xuño de 2011 N° RE 2736, relativo a queixa nº 771/11.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus asistentes acorda comunicar ao Valedor do Pobo que en datas recentes se procedeu a realizar unha serie de obras para a mellora do Camiño denominado “As Velas” no lugar de San Andres, sen que actualmente o camiño se atope en perfectas condicións e comprometendose o Concello a efectuar o seu arranxo definitivo na medida que as disponibilidades presupuestarias o permitan en datas próximas.

2. Escrito da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, Dirección Xeral de Emerxencias e Interior con data RE 31 de maio do 2011 RE N° 2714, relativo a activación do Plan de Salvamento de Praias de Galicia.
3. Comunicación da Consellería de Facenda relativa a retención de fondos do F.C.L. o Concello de Ribadavia por debidas coa Mancomunidade dos Concellos da Comarca do Ribeiro
4. Comunicación do Ministerio de Cultura con data RE 3 de xuño do 2011, relativo a proposta de resolución e concesión de subvención nominativa por importe de 64.000 € ao Concello de Ribadavia.
5. Comunicación do Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 29 de abril do 2011, relativa á Área de Rehabilitación Integral do Casco Histórico de Ribadavia (Ourense), 11ª Fase, na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012. Período 2010.
6. Comunicación do Acordo da Comisión Bilateral celebrada o 29 de abril do 2011, relativa á Área de Rehabilitación Integral de San Cristovo de Ribadavia (Ourense), 3ª Fase, na Comunidade Autónoma de Galicia. Plan Estatal de Vivenda e Rehabilitación 2009-2012. Período 2010.

5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-

APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO IBI.

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóveis de natureza urbana correspondente o exercicio de 2011, por importe total de 600.069,95 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Xullo e o 5 de Setembro de 2011, ámbolos dous inclusive.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóveis de natureza rústica correspondente o exercicio de 2011, por importe total de 471,19 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por



*Ilmo. Concello
de
Ribadavia*

unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Xullo e o 5 de Setembro de 2011, ámbolos dous inclusive.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda a aprobación do Padrón do Imposto de Bens Inmóveis de características especiais correspondente o exercicio de 2011, por importe total de 31.367,96 euros. Asemade, a Xunta de Goberno Local, acorda, por unanimidade, establece-lo período voluntario de cobro do devandito Padrón entre o vindeiro 1 de Xullo e o 5 de Setembro de 2011, ámbolos dous inclusive.”

**6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN
REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.